



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	Nivel: _ CELGA 3 LF _ CELGA 3 TEA

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / ___ / _____
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Lugar de nacemento: <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
Lugar de residencia: <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
Tipo de estudos cursados: <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos serán totalmente confidenciais.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións antes de responder.
- Usa bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che preguntan.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega un caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2023310552

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-A-I-23-LF

C3-A-I-23-TEA



Proba A1

Ti colaboras con frecuencia nun **blog** sobre novas propostas de deseño e moda galega.

Despois de ver unha reportaxe sobre os produtos da marca Nikis Galicia, decides escribir un **texto de 260 a 300 palabras** para publicar no blog.

Neste texto, debes:

- Comentar como naceu a empresa Nikis Galicia e citar algúns dos produtos que fabrica.
- Indicar en que se inspiran para crear as imaxes e as mensaxes dos seus produtos.
- Indicar para que persoas están pensadas as imaxes e as mensaxes dos produtos de Nikis Galicia.
- Dar a túa opinión sobre os deseños de Nikis Galicia e por que pensas que teñen tanto éxito.
- Recomendarlles aos lectores do blog os produtos de Nikis Galicia que máis che gustan e explicar por que.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response for the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Un familiar teu está rematando o bacharelato e aínda non sabe se seguir os seus estudos na universidade ou facer un ciclo de formación profesional.

Despois de ler o seguinte artigo, ti pensas que estudar formación profesional é a mellor opción para o teu familiar.

Decides escribirlle un **correo electrónico** ao teu familiar para aconsellarlle os estudos de formación profesional.

No **texto**, de **260 a 300 palabras**, tes que:

- Interesarte polos estudos do teu familiar e dicirlle por que é importante estudar.
- Explicarlle ao teu familiar cales son as vantaxes da formación profesional con respecto dos estudos universitarios.
- Animar o teu familiar para que estude un ciclo formativo superior.
- Explicarlle ao teu familiar cales son os requisitos de acceso ao ciclo formativo superior.
- Aconsellarlle ao teu familiar a especialidade que máis lle convén tendo en conta a súa personalidade e aptitudes.



Hai vida máis alá da universidade

O economista Guy Berger realizou un estudo sobre os nados entre 1982 e o 1996. Son os chamados xeración dos *millennials*.

Segundo o estudo de Guy Berger, os mozos nados entre 1982 e o 1996 cambian de traballo catro veces antes dos 32 anos. Os seus pais só cambiaban dúas veces en toda a vida laboral.

Os mozos de hoxe teñen que buscar o seu camiño profesional e segundas oportunidades.

Os mozos deben pensar ben os estudos que van realizar, pois esa decisión determinará o seu futuro.

Para decidir correctamente os seus estudos, os mozos non só deben de ter en conta os seus gustos á hora de escoller un traballo para o futuro. Tamén deben ter en conta as oportunidades laborais e a situación académica.

A universidade é o desexo da maioría das persoas



Por que estudar na universidade?

Na universidade o alumnado fórmase de xeito integral e recibe estudos propios da súa área xunto cos doutros ámbitos.

A universidade ofrécelle ao alumnado a posibilidade de acceder a postos de traballo máis cualificados e a cargos directivos.

O último informe anual da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), *A universidade en cifras*, indica que canto maior é a formación académica, maior é a taxa de emprego. A oportunidade de atopar un traballo é maior se se teñen estudos.

Ademais, entre as carreiras laborais que teñen máis demanda, están moitas que requiren unha titulación universitaria como as enxeñerías, as das áreas tecnolóxicas ou a de dirección de empresas.

Requisitos para acceder á universidade

Poden acceder á universidade os estudantes que superen a proba de acceso. Tamén poden acceder os que teñen o título de bacharelato europeo ou internacional e os que aproben un ciclo formativo de grao superior.



As persoas maiores de 25 anos tamén poden acceder á universidade se superan unha proba de acceso.

As persoas maiores de 40 anos tamén poden acceder á universidade se superan unha proba e teñen experiencia laboral relacionada co ensino desexado.

A formación profesional é unha boa opción

Se unha persoa quere empezar a traballar canto antes, pode facelo se ten claro a profesión que quere desempeñar aínda que non teña título universitario. Hoxe en día, a formación profesional é o camiño máis completo.

Hai unha oferta de ciclos de formación profesional moi ampla. Ofértanse máis de 150 ciclos formativos dentro de 26 familias profesionais, repartidos entre os ciclos de formación profesional básica, os ciclos de grao medio e os de grao superior.

Os ciclos formativos combinan o ensino nos centros educativos xunto coa formación nas empresas en centros de traballo ou a través da formación profesional dual.

Por que a formación profesional é unha boa opción?

Os estudos de formación profesional son moi motivadores e fanse moitas prácticas. Nas prácticas trabállanse os contidos nunha contorna que se semella á realidade e ás necesidades do mercado laboral.

A formación profesional caracterízase por facilitar o acceso a un emprego. A maioría de quen estuda un ciclo de formación profesional atopa traballo.

Nos anos que veñen, as ramas profesionais de Fabricación Mecánica, Electricidade e Electrónica, Instalacións e Mantemento, Informática e Comunicacions e Administración e Xestión terán unha altísima demanda de emprego.



Requisitos para acceder a un ciclo de formación profesional

Para estudar un ciclo formativo de grao medio precísase o título de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), de FP básica ou dun nivel superior.

Para facer un ciclo formativo de grao superior é necesario ter o título de bacharelato ou un certificado que mostre ter aprobadas todas as materias do bacharelato. Tamén se pode acceder cun título de técnico (formación profesional de grao medio) ou con calquera titulación universitaria ou equivalente.

Outra opción de acceso é mediante unha proba específica a ciclos formativos ou coa proba de acceso á universidade para persoas maiores de 25 anos.

Os ciclos formativos máis demandados están entre as seguintes familias profesionais:



NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

De:

Para:

Asunto:

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response for the A2 exam.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA
CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

